

Texto e ilustracións: **LEO LIONNI**

Tradución: **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 48 páxinas en color. 22x22 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Pequeno Azul e pequeno Amarelo"

Tras os montes. ISBN 978-84-8464-553-5

-Castelán: "Pequeño Azul y Pequeño Amarillo"


Libros para soñar. ISBN 978-84-96388-25-3

-Portugués: "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo"

Livros para sonhar. ISBN 978-972-8781-53-8

Prezo: 13 €

PEQUENO AZUL E PEQUENO AMARELO



...Un día, Mamá Azul díxolle: "Teño que saír, agárdame na casa". Pero Pequeno Azul foi buscar a Pequeno Amarelo á casa de enfrente. A casa estaba baleira. ¿Onde estaría Pequeno Amarelo? Buscou por todas partes... ata que, de súpeto, á volta da esquina ¡Alí estaba Pequeno Amarelo! Moi ledos, abrazáronse. Abrazáronse tan forte...

Cando lle preguntan á ilustradora alemá Jutta Bauer polo libro "Pequeno azul e Pequeno Amarelo", califícaa como "a obra dun mestre". Leo Lionni empregou un sistema tan eficaz e sinxelo como uns simples anacos de papel, e a penas unhas poucas palabras, para contar unha historia entrañable. KALANDRAKA recupera este conto maxistral que, malia datar de 1959, foi precursora na súa época e mantén toda a súa vixencia na actualidade. A historia destaca pola tenrura e orixinalidade da proposta plástica, en perfecta harmonía cun texto a base de frases moi simples e descriptivas.

Dúas pequenas cores fúndense nun abrazo sen decatarse de que se convirten nunha nova cor, o que fai que ninguén as recoñeza. As bágoas fanlles recuperar a súa forma orixinal, un descubrimento que celebran e comparten con todos os seus amigos. É así como a partir de entón xogarán a crear novas gamas cromáticas.

Baixo a aparente naturalidade deste relato subxace unha historia na que se enxalzan a amizade, a inocencia, a identidade individual e colectiva; á vez que os primeiros lectores reciben unha intensa lección artística sobre cores, tamaños e direccións. Aplicada a estes tempos, Leo Lionni transmite que non importan as diferenzas entre as persoas cando o relevante é a solidariedade, a comprensión e a convivencia.

**LEO LIONNI (Amsterdam, Holanda, 1910-
Toscana, Italia, 1999)**

Leo Lionni creceu nun ambiente artístico -a súa nai fora cantante de ópera e o seu tío Piet, un gran afeccionado á pintura e ao coleccionismo- e dende moi novo soubo que ese sería o seu destino. Pero a súa formación non foi artística, senón que se doutorou en Economía.

O seu primeiro libro para nenos non chegaría ata moitos anos despois, case por casualidade. Durante unha viaxe en tren ocorréuselle a idea de entreter os seus netos creando un conto a partir duns recortes de papel. Así xurdiu "Pequeno Azul e Pequeno Amarelo". Foi o primeiro dunha longa lista de máis de 40 títulos aclamados en todo o mundo pola crítica especializada, como "Frederick" e "Nadarín", editados tamén por KALANDRAKA.

Polos seus méritos en eidos como a escultura, o deseño, a pintura e a ilustración, recibiu en 1984 a Medalla de Ouro do Instituto Americano de Artes Gráficas.

En 1931 instalouse en Milán e entrou en contacto co deseño gráfico. Cando se trasladou a América en 1939, traballou nunha axencia de publicidade de Filadelfia como director de arte e posteriormente para a Corporación Olivetti e a revista Fortune. Paralelamente crecía a súa reputación como artista e os seus cadros exhibíanse nas mellores galerías, dende Nova York a Xapón. Como el mesmo dixo: "Dalgún xeito, nalgún lugar, a arte expresa sempre os sentimentos da nenez".

■ **Temática:** as diferenzas; a arte

■ **Idade recomendada:** dende 3 anos

■ **Aspectos destacables:** clásico da literatura infantil de todos os tempos, ilustrado cunha orixinal técnica estética; do autor de "Frederick", "Nadarín", "A casa máis grande do mundo" e a serie "Frederick" de libros de coñecemento do medio

